

VIERNES, 19 de octubre de 2007

REPORTAJE: DO TRINQUE | LUCES

## Un fío oculto na lírica dos 80

Helena de Carlos publica 'Vigo', o seu cuarto libro de poemas, e Carlos Quiroga regresa con outra obra entre o dietario e o verso

DANIEL SALGADO | 19 OCT 2007

Archivado en: [Poesía](#) [Literatura](#) [Cultura](#)

En paralelo ás estéticas hexemónicas adoitan circular correntes subterráneas, propostas alternativas, literaturas que escapan do consenso. A obra poética de Helena de Carlos, coetánea en certo xeito á da xeración dos anos 80, axústase aos espazos menos alumados do seu tempo. De facturación delongada, a poesía de Helena de Carlos vén de materializarse no seu cuarto libro, *Vigo*. Logo de *Alta casa, 1999* e *Aracne 3*, De Carlos achega un mergullo acougado e sen nostalxia na propia memoria de mocidade, no que desfilan lugares, personaxes e paisaxes exteriores e interiores. Publica Galaxia.

Da mesma man editorial chega *Teatriños ou aturuxos calados*, un dos últimos libros da poeta canadense Erín Moure. Produto en certa maneira da súa amizade con Chus Pato, anfitriona da casa onde comezou a escrita dos poemas, *Teatriños...* procura unha poesía que rexeite a lingua dominante. Con *Correntes do esquecemento*, Andrea Núñez tira á luz o seu primeiro libro. Prologado pola poeta da Coruña Lucía Aldao, a canle de publicación corresponde á Aturuxo, a federación de asociacións de lesbianas, gais e transexuais de Galiza.

A vaguesa lolanda Zúñiga presenta o seu debut en formato libro con *Vidas post-it*. O volume recolle pequenos relatos, maiormente de ambiente urbano, onde a violencia estrutural das sociedades opulentas e a súa existencia rutineira marcan as vidas e as historias de personaxes perfilados con crueza extrema. *Vidas post-it* e *Aquel lugar*, de Antía Nara, resucitan a colección Abismos, de Edicións Xerais de Galicia, aquela serie que deu a coñecer, entre outros, a narradores como Samuel Solleiro, Mario Regueira, Kiko Neves ou Xesús Fraga. *Aquel lugar* narra unha historia en escenarios galegos e paquistanís. Tamén en Xerais aparece *O señor Lugrís e a negra sombra*, de Luís Rei Núñez, premio Xerais por *Expediente Artieda*, que recrea a existencia do pintor Urbano Lugrís nunha novela cualificada de "cervantina e rigorosamente contemporánea" na nota editorial.

Un dos máis conspicuos cultivadores da chamada poesía da experiencia na Galiza, Manuel Pereira Valcárcel, recunca na prosa dous anos despois de *Traxectos curtos*. En *Días do final*, que se publica no selo Illa Nova de Galaxia, Pereira Valcárcel aborda unha relación entre pai e fillo perante a raia da morte. A editora vaguesa ofrece, asemade, a última novela de Alfredo Conde. *María das Batallas*, que segundo afirma o autor "tivo outros títulos previos ao actual, a saber: *María Pita*, *Patria escura*, *Este lado do vento*, *Cidade Alta*, *Cidade Baixa*, *A patria escura* o lector descontento co que figura na capa poderá substituílo por calquera deles" traza o relato de María Pita "e a defensa da cidade da Coruña fronte ao ataque das tropas de sir Francis Drake".

Edicións Leas, localizada en Santiago de Compostela, achega a estrea en novela do

xornalista Miguel Boó. *Abreviatura (Abreviatura autista de Deus)* céntrase nas "complexas e tormentosas relacións de parella e o poder subversivo do sexo". Na mesma marca editorial saen os contos de Alberto G. Aneiros, *Relatos desvelados*, que recupera "vellas historias ignoradas ou pouco coñecidas".

## Inclasificábel

Na marxe do campo poético galego manéxanse os libros de Carlos Quiroga. Decote entre o poema, o dietario e a narración, sempre a carón do libro obxecto que fai do deseño do mesmo un valor estético engadido, Quiroga leva anos realizando un traballo literario inclasificábel en títulos como *O regreso a arder*, *G.O.N.G.* ou *Viagem ao cabo nom. Venezianas. Uma viagem a Pordenome* volve transitar os camiños heteroxéneos e híbridos dun Carlos Quiroga que mesmo recolle a Rimbaud para dubidar se "cómpre escribir menos ou mesmo deixar de escribir". Edita a portuguesa Quasi, de Vila Nova de Famalicão.

Galaxia leva ás librarías, na súa activa colección de ensaio, as actas do III Encontro de Mondariz Balneario. So o nome de *Violencia e conflitos bélicos no novo século*, Xosé Fortes, Felipe Fernández-Armesto ou o director xeral de *Le Monde Diplomatique*, Bernard Cassen contribúen con reflexións arredor da guerra, dos medios de comunicación ou das civilizacións. *Liberdade relixiosa e asentamento dos protestantes en Galicia*, de María del Salvador González Raposo e de Benito González Raposo, pescudan na "xénese e irradiación do protestantismo en Galicia, desde 1868 até 1931" e súmase a outras pescudas nas relixións non hexemónicas do países.